

CATÁLOGO


PLAN lector **INFANTIL**
E PRIMARIA

CURSO
2026/
2027




EDITORIAL GALAXIA

Ilustración de Agustina Shuan



Editorial Galaxia, co presente plan lector de lecturas para educación primaria, quere proporcionar ás mestras, mestres, bibliotecarias e bibliotecarios dos centros escolares galegos e responsables dos clubs de lectura, unha selección de obras de referencia para o fomento da lectura na nosa lingua, a educación literaria e a comprensión lectora.

A selección organízase por cursos, mais dun xeito flexible, pois a capacidade lectora de cada neno e nena varía en función de moitos factores, cunha breve sinopse do libro.

Ofrécense libros das temáticas e os xéneros máis variados, banda deseñada, poesía, teatro e novela. Cada lector e lectora poderá atopar aquí un libro que o marcará para sempre.

Ademais, na páxina web de Editorial Galaxia, tanto no apartado de MATERIAIS (<https://editorialgalaxia.gal/os-materiais/>) como na ficha específica de cada libro deste catálogo, atopase unha detallada guía didáctica con exercicios, comentarios e actividades para o lectorado.




Ilustración de Iria Bermúdez

Infantil
1º /// 2º
Primaria



INFANTIL



Papóns

Sandra Lodi

Colección: Álbum


ISBN: 978-84-1176-325-7

PREMIO ALBERTE QUIÑOI ÁLBUM ILUSTRADO, 2024

PREMIO FOLLAS NOVAS AO LIBRO ILUSTRADO 2024



A Inés encántalle pasar tempo coa avoa e cultivar a horta con agarimo. Un día descubren que alguén fixo desaparecer a colleita en que traballaron todo o ano. Quen sería o papón?



Vilaspán

Rodrigo Cota e Fernando Tomé

Ilustracións de Fernando Tomé



Colección: BD (Banda deseñada)

ISBN: 978-84-1176-355-4

Vilaspán é unha aldea asombrosa, curiosa e misteriosa. Chea de personaxes estrafalarios e divertidos.



INFANTIL



Un porquiño polo San Martiño

Iria Bermúdez / Macarena G. Vicente


Colección: Álbum

ISBN: 978-84-1176-486-5

PREMIO ALBERTE QUIÑOÍ 2025 DE ÁLBUM ILUSTRADO



Curro recibe grandes doses de aloumiños, goza de longos paseos coa granxeira e come as mellores landras. Ata que un día escoita algo que remata coa súa tranquilidade.



Croco

Irene Alonso Gasalla

Ilustracións de María Rey Noya

Colección: Álbum

ISBN: 978-84-1176-395-0

Croco naceu sen un só dente!



E, malia ser algo pouco corrente, pronto vai descubrir, xunto con catro amigos moi especiais, que hai moitas cousas que non son tan esenciais...

Este conto, moi vexetariano, está recheo de tenrura e amizade.

E, ademais, está... Riquííísimo!



1º / 2º PRIMARIA



Iceberg

Carlos Labraña

Ilustracións de Sara Romero

Colección: Árbore


ISBN: 978-84-1176-554-1

PREMIO O FACHO DE TEATRO INFANTIL 2025



No Polo Norte escasea a comida, polo que Osa Nai ten que ir lonxe para atopala, así que deixa a súa cría ao coidado dun humano amigo, Inuk. Pero o bloque de xeo onde está o iglú de Inuk é tan fino que acaba por escachar e navegan á deriva.

No iceberg, Osiño e Inuk vivirán moitas aventuras e coñecerán todo tipo de xentes, mais os dous só soñan con poder regresar. Serán quen de conseguilo?



Os Toribios

Carlos Casares

Ilustracións de Sandra Lodi

Colección: Biblioteca 75 Aniversario

ISBN: 978-84-1176-543-5

Unha recompilación de todos os álbums de Toribio creados por Carlos Casares: *Este é Toribio. Toribio contra o profesor Smith. Toribio e o contador de contos. Toribio ten unha idea. Toribio revoluciona o tráfico.*

3.º // 4.º Primaria




Ilustración de Mara Méndez



Operación Morcego


Mara Méndez

Colección: BD (Banda Deseñada)

ISBN: 978-84-1176-582-4

O mozo da súa irmá é un vampiro! Ester teno claro e non pensa quedar de brazos cruzados. Xunto á súa cuadrilla e o seu inseparable gato, *Millo*, emprende unha misión ultra secreta. Cos petos cheos de allos e auga bendita, este grupo de “expertos” tratará de destapar a verdade.

Acompaña a Ester e *Millo* nesta divertida e entolecida aventura. Logrará pararlle os pés antes de que merende a toda a familia?



A brigada iridescente II

O fantasma do vestiario das rapaza

Elena Andrés

Colección: BD (Banda Deseñada)

ISBN: 978-84-1176-378-3

É o primeiro día de clase para a Brigada Iridescente, e están moi emocionados. Todo parece ir ben na escola, pero axiña comezan a pasar cousas raras. Luces que se apagan, portas que se pechan soas, obxectos que rompen... Ten que ser un fantasma; entón, a lenda da escola é certa! Só as nenas e nenos máis valentes serán quen de facerlle fronte ao fantasma!



3º / 4º PRIMARIA



Folerpas no mar

Mª Xesús Blanco

Ilustracións de Sheila Broullón

Colección: Árbore

Zahi ten os ollos da cor do mar. Vive coa súa nai, Shena, nun pequeno apartamento na cidade. E tamén co seu pai, Xoán, cando volve de pasar longas tempadas traballando no buque *Sálvora*. Gústalle ir á escola e xogar con Aldara e os seus amigos, pero tamén ha de facerlle fronte a uns abusóns que o axexa, nos seus soños, con ollada encabuxada. Uns días de vacacións en decembro, na fermosa aldea de Buxaina, na casa dos avós. E con eles, e a cadela *Furna*, Zahi vive aventuras e emocións inesperadas por mor dunha intensa nevarada.



Cando o mundo é azul

Óscar Reboiras

Ilustracións de Carolina Nickelle Lois

Colección: Árbore

ISBN: 978-84-1176-410-0


**VII PREMIO DE LITERATURA INFANTIL
CARLOS MOSTEIRO 2024**



Nuno vive coa súa nai. Encántalle pintar e ler. Enche centos de follas cos seus debuxos, e sempre usa a mesma cor, o azul. Un día aparece na casa un home grande e inchado coma os globos das festas. É o seu avó, que vai vivir con eles. Nuno non sabe moi ben para que serven os avós, pero si ten curiosidade por coñecer como funciona o obxecto máxico que trae na súa equipaxe.



3º / 4º PRIMARIA



Bonecas

Raquel Castro

Ilustracións de Eva Agra (*Komorevi*)

Colección: Árbore

ISBN: 978-84-1176-377-6

PREMIO O FACHO DE TEATRO INFANTIL 2024



Á tenda de Xurxo, Xoguetes e brinquedos, chega Lois, un xoguete moi especial: un robot dotado dunha intelixencia superior, que non quere pertencer a ninguén. Alí atoparase con Lara, a boneca chorona, e con Filipa, a boneca cantareira, que desexan coñecer mundo e deixar de estar pechadas nun escaparate. Chegarán os nosos inventos a superarnos en intelixencia e sentimentos ata o punto de vivir pola súa conta?



Daniel no peirao

Paula Carballeira

Ilustracións de Eli García

Colección: Árbore

ISBN: 978-84-1176-003-4

Daniel é un neno que sabe mirar doutra maneira o mundo e rir, tamén para dentro. En realidade, chámase Alfonso Daniel Manuel Rodríguez Castelao, aínda que será lembrado como Castelao. Vive en Rianxo, pero vai emigrar á Arxentina coa súa nai, pero antes quere debuxar todos os lugares e as persoas que coñece, para non esquecer anda. A súa amiga, Baltasara, que sabe de contos e de misterios, proponlle algo especial, algo que só el pode facer nas horas antes de marchar: quitarlle o feitizo á Dona Encantada, que se agocha na cova dos Carcamáns.

5º /// 6º Primaria





5º / 6º PRIMARIA



Vida en rede

Ana Rodicio

Ilustracións de Alba Chan

Colección: Árbore

A Serxio amóalo ter que posar para as redes sociais de súa nai, e que O pai xogue co móbil todas as noites en vez de botar con el unas canastras. Tampouco lle gusta que os seus compañeiros de clase estean todo o día a fachendear entre eles. Por iso, o día que fan ponte no colexio está desexando chegar á casa para entreterse co seu videoxogo preferido. Inmerso de cheo na partida, pouco pode imaxinar que a súa tarde vai trocar nun nubeiro de emocións e contratempos que o poñerán a proba.



Nenapingüín

Daniel Landesa

Ilustracións de Miki Momochi

Colección: Árbore 10

ISBN: 978-84-1176-595-4

PREMIO CARLOS MOSTEIRO 2025



Imaxinas subir a unha árbore e que o todo cambie para sempre? Ata o teu nome? Aínda que xa era unha cativa impresionante, o día que comezou a chamarse Nenapingüín a súa vida cambiou para sempre dun modo que nunca chegaría a imaxinar.



5º / 6º PRIMARIA




Por que comemos?
E outras preguntas sobre o pracer e a historia da comida

Xosé Cermeño

Colección: Lanterna de Aristóteles

ISBN: 978-84-1176-600-5

Por que comemos? A primeira pregunta é fácil. Comemos porque é unha necesidade biolóxica. Para manterse con vida e seguir funcionando, todos os seres vivos precisan de nutrientes que conseguen a través da alimentación. E as persoas non somos unha excepción. A pregunta xa está contestada? Mmm... En realidade é só o principio. Queda moito que contar. Comemos tamén porque conseguimos converter esa necesidade nun pracer.



Un mar de preguntas
Javier García Galdo

Ilustracións de Roque Araújo Rey

Colección: Lanterna de Aristóteles

ISBN: 978-84-1176-404-9

Para que serve una balea? Canta forza ten o mar? Cantas especies habitan os océanos? Porque soben e baixan as mareas? Estas e moitas outras preguntas teñen resposta neste libro sobre o mundo mariño, con ilustracións que espertarán a túa imaxinación e explicacións claras e sorprendentes baseadas no rigor da ciencia e do que hoxe coñecemos do mar. En cada páxina aprenderás algo sobre os misterios do grande azul e comprenderás por que debemos coidalo. Empápate coas súas páxinas para poder coñecer, amar e conservar os nosos mares.

Carlos ★ Casares

UN ESCRITOR DESTA GALAXIA
1941-2002

ILUSTRACIÓN: SIRO



As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas

Carlos Casares

Colección: Árbore

ISBN: 978-84-9865-160-7



Velaquí unha das historias máis divertidas da literatura galega. Unha excepcional incursión de Casares no teatro para público infantil. Unha historia para ler e para representar. Unha historia que se deixa estonar. Tan saborosa coma unha laranxa.

A galiña azul

Carlos Casares

Colección: Os Duros

ISBN: 978-84-9865-010-5



Un pequeno clásico da literatura infantil galega recuperado na súa edición orixinal, coas ilustracións dos fillos de Xohán Ledo. Este libro foi escrito para Ana, unha nena que se foi de Galicia cando tiña dous anos. Para que non esquecese a súa terra, e para que soubese das cousas que acontecían na súa ausencia.

O can Rin e o lobo Crispín

Carlos Casares

Colección: Os Duros

ISBN: 978-84-8288-861-3




Rin é un can moi peculiar, fai cousas coma ningún outro fai... ata fala en latín. O can Rin é moi especial, moitísimas son as marabillas que este can bran co e peludo é quen de facer: conta historias coma ninguén, sabe falar en latín, toca o clarinete... Pero a mellor de todas é a que fala de cando Rin conseguiu que o lobo máis temible de todos, o lobo Crispín, lambese unha ovella.

O galo de Antioquía


Carlos Casares

Colección: Singular

ISBN: 978-84-8288-599-5



Humor que raia o absurdo nesta fantástica e divertida historia dun home que se converte en galo. Un bo día, o ferreiro Antonio Madarro "O Calatrón" pon un ovo. Ao pouco tempo comezan a saírlle plumas e, preocupado, vai ver ao cura. ¿E será que lle entrou o demo no corpo? Un libro con estupendas ilustracións de Andrés Meixide.



Daniel é un neno que sabe mirar doutra maneira o mundo e rir, tamén para dentro. En realidade, chámase Alfonso Daniel Manuel Rodríguez Castelao, aínda que será lembrado como Castelao. Vive en Rianxo, pero vai ter que emigrar á Arxentina coa súa nai, pero antes quere debuxar todos os lugares e as persoas que coñece, para non esquecer nada.



Pronunciar palabras bonitas está totalmente prohibido no mundo mecánico. Por iso Hermilindo ten un grave problema: debe ocultar que esbirra versos que lle saen do seu corpo de latón. Un día prólle tanto o nariz que esbirra un poema enteiro diante de todos! Pobre Hermilindo, bótano do seu país por este delito! Pero o que non sabe é que, no seu desterro, descubrirá seres fantásticos que lle axudarán a saber por que lle saen palabras fermosas.



PREMIO O FACHO DE TEATRO INFANTIL 2022

Lía garda un segredo, a súa nai fíxolle unhas ás con plumas de cores, pero non lle ensinou a voar. Ana, unha estudante universitaria que traballa na hamburguesaría do barrio, nin sequera ten ás. Nun anoitecer, vanse cruzar os seus camiños e descubrirán que hai máis cousas que as achegan, que aquelas que as separan. Indo xuntas, serán capaces de voar?

LECTURA FÁCIL



O misterio do Torque de Burela

Antía Yáñez Rodríguez

Ilustracións de Agustina Shuan

Colección: Árbore Lectura Fácil

ISBN: 978-84-1176-499-5

Os irmáns Antón, Carola, Sabela e Iria, co seu can Venres, investigan un misterio: o roubo do famoso Torque de Burela no Museo Provincial de Lugo. Os protagonistas terán problemas durante a súa investigación. Poderán resolvelos?

PLAN lector INFANTIL e PRIMARIA



novela • gráfica

COLECCIÓN
Xohán Ledo

8 ANOS



10 ANOS



12 ANOS



f @falamos.delibros

X @EdGalaxia

📷 @galaxiaeditorial

🌐 www.editorialgalaxia.gal

CURSO
2026/
2027

